



# FERVENZAS DO RÍO AVIA

Adela Leiro, Mon Daporta




Unha ruta que combina viaxes en coche e pequenas camiñadas, polos concellos de Avión e Boborás, seguindo o río Avia e os seus afluentes. Para pasar un día completo e gozar das impresionantes paisaxes da serra do Suído e os múltiples canóns dos ríos.



## Distancias (en coche):

Concello de Avión: 20 km (circular)

Concello de Boborás: 12 km (lineal)





## 1-Pozo Negro

Distancia: 1.500 m (ida e volta)

Dificultade: baixa

Duración: 1 hora

No río Cubelo ou Valdeiras, no lugar de Cernadas. O río forma un estreito e fondo canón no que hai varios saltos e rápidos. O máis importante é o que cae no Pozo Negro. **COMO CHEGAR:** desde Avión cóllese a estrada a Cernadas e, pasada a localidade, na primeira revolta da estrada sae unha pista á esquerda que pasa por un depósito de augas. Alí déixase o coche e, seguindo o camiño uns 600 m vense as fervenzas.




## 2-Rodeiro

Distancia: 400 m

Dificultade: alta




Duración: 40 minutos



Nun rego afluente do Baluga que cae do Suído nun forte desnivel no que hai dúas caídas de gran altura, unha de case cen metros e outra de máis de 50.

**COMO CHEGAR:** no arranque da súbida ao Suído, detrás da Casa do Pobo, vese o salto inferior e, con dificultade, pódese chegar ata un punto onde se ve unha panorámica. Subindo pola estrada que vai aos chozos a partir da segunda revolta da estrada á esquerda pódese ver parte do salto de máis arriba.

Podemos aproveitar para visitar os “chozos” de Mangueiros, un quilómetro más arriba.



### 3-Rego das Fragas



**Distancia:** 2 km (ida e volta)

**Dificultade:** media

**Duración:** 1 hora

Na vertente oriental da Serra do Suído, na parroquia de Abelenda do concello de Avión. As augas que se xuntan na serra do Suído na súa vertente ourensá caen en numerosas fervenzas que forman parte das nacentes do río Avia. A fervenza das Fragas é a más grande e cae dun desnivel de 60 m.

**COMO CHEGAR:** desde Avión cóllese a estrada a Mouriscados (parroquia de Abelenda) e séguese a Boeixos. Xusto na entrada, antes das primeiras casas hai un cartel coa ruta indicada. Deixamos o coche e subimos ata a primeira casa da dereita, e por diante dela subimos e seguimos o camiño ata uns muíños; alí sóbese á esquerda para coller a pista de arriba que segue a levada ata o pé da fervenza.



### 4-Rego de Riobó



**Distancia:** 500 m (ida e volta)

**Dificultade:** media

**Duración:**

Un afluente do rego das Fragas.

**COMO CHEGAR:** en Mouriscados, antes de cruzar a ponte do río vaise por detrás do Centro Social seguindo polo monte con coidado.



## 5-Pozo dos Fumes

**Distancia:** 4 km (ida e volta)


**Dificultade:** baixa

**Duración:** 2 horas

Na parroquia de Pazos de Arenteiro, do concello de Boborás.

O río Arenteiro, afluente do Avia forma unha serie de saltos e rápidos en rochas graníticas con grandes bolos. No Pozo dos Fumes encáixase entre dous grandes penedos e cae a gran presión desprendendo gran cantidad de vapor, o que motivou o nome.

**COMO CHEGAR:** na estrada de Leiro a Pazos de Arenteiro, cóllese unha ruta de sendeirismo que comeza nos restos da Ponte da Cruz (que hai que cruzar) e segue río arriba o curso do Arenteiro ata o Pozo dos Fumes.



## 6-San Bartolomeu da Freixa

**Distancia:** 20 m

**Dificultade:** baixa

**Duración:** 15 minutos

No lugar de San Bartolomeu da Freixa na parroquia de Cameixa (concello de Boborás).

O río Viñao forma nesta zona pequenos saltos e rápidos. Un rego que desemboca nel pola dereita (Porto do Carro) ten unha fervenza en rochas de xistos de aprox. 15 m de altura en varios saltos.

**COMO CHEGAR:** desde Cameixa cóllese a estrada que vai a San Bartolomeu da Freixa. Pasada a ponte do río, a fervenza está no afluente á esquerda.

